



## OS RESULTADOS DO PROXECTO EUROPEO e-HOSPITAL PRESENTARANSE EN SETEMBRO NA CIDADE AUSTRIACA DE KREMS

- O proxecto europeo E-Hospital, coordinado pola institución austríaca Die Berater, tivo como obxectivo principal ofrecer formación a diferentes grupos de pacientes hospitalizados de longa duración en hospitais de seis países europeos
- No estado español participaron a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a área de e-learning do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), así como a Unidade de Lesionados Medulares do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, como colaborador

**Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2008.** O proxecto europeo e-Hospital, para formación de pacientes hospitalizados de longa duración en hospitais, desenvolvido en seis países europeos, presentará os resultados do traballo realizado na Conferencia Final do Proxecto Europeo e-Hospital, o próximo día 19 de setembro de 2008 na cidade austríaca de Krems, na que se debaterán os resultados e as potencialidades deste tipo de formación en hospitais.

O proxecto dá a coñecer os seus resultados a través de dúas publicacións, unha resumida que leva por título *“E-learning para pacientes adultos hospitalizados. Experiencias-Retos-Recommendacións”* de 52 páxinas dispoñible en cinco idiomas, entre elas o español, e unha versión máis ampla titulada *“E-Hospital: Experiencias con actividades de e-learning para pacientes”* de 152 páxinas e dispoñible en Inglés pero en breve estará dispoñible tamén en español. Todas estas versións xa se poden descargar desde a páxina web oficial do proxecto en formato PDF. Se desexa recibir unha copia impresa da versión reducida, póngase en contacto connosco no 981-5698-10 ou en [e-learning@cesga.es](mailto:e-learning@cesga.es). [e-learning@cesga.es](mailto:e-learning@cesga.es)

A Conferencia final realizarase baixo tres ópticas:

- Conferencias de expertos nos campos do e-learning, a saúde e a aprendizaxe permanente.
- Presentación das experiencias e os resultados do proxecto eHospital. Os socios do proxecto e-Hospital.
- Sesións Interactivas de Boas Prácticas, orientadas ao intercambio de experiencias en profundidade e o debate. O e-learning para pacientes adultos.
- Sesión A: Aspectos organizativos: A cooperación do persoal hospitalario e os educadores.



- Sesión B: Aspectos tecnolóxicos: as tecnoloxías de aprendizaxe electrónica para a educación do paciente.
- Sesión C: Aspectos pedagóxicos: os pacientes hospitalizados como estudantes adultos.

Esta conferencia final do proxecto eHospital está dirixida a profesionais da educación de adultos e do e-learning, a investigadores destas materiais, ao persoal dos hospitais e a autoridades e a outros axentes do sistema de saúde (autoridades e órganos reguladores, asociacións de pacientes, ONGs,...) e a axentes europeos que participen en proxectos relacionados co e-learning e a saúde.

O período de inscrición está aberto ata o 10 de Setembro de 2008. A inscrición no evento é gratuíta. Para rexistrarse, así como para obter unha maior información do evento, visite a páxina Web oficial do proxecto [<http://www.ehospital-project.net/>] ou contacte cos seus organizadores: [eHospital@dieberater.com](mailto:eHospital@dieberater.com)

**SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**